

PASCUALA ILABACA E FAUNA

El mito de la pérgola

FOLK CHILENO

Artista/banda

Pascuala Ilabaca (1985, Valparaíso, Chile), cantante e acordeonista, é unha verdadeira xoia agochada: Unha das destacadas da renovada escena de novos cantautores chilenos. A súa música está arraigada nos sons tradicionais, pero integra sen esforzo aires jazz, pop e rock e influencias reunidas en lugares tan distantes coma India ou México.

Acompañada pola súa formidable banda Fauna, a súa presenza escénica única evoca dozura e empoderamento ao mesmo tempo, dando vida ás súas cancións con fragilidade e brío.

Nominados a Mellor Artista 2016 en Songlines magazine xunto con Mariza, Seckou Keita e Lura. Mereceron dúas veces (2013 & 2015) o Independent Music Awards (USA) polos seus últimos dous traballos foron seleccionados en marzo do 2015 como Top of the World tamén en Songlines. En 2016 Pascuala mereceu o premio Pulsar á mellor cantautora, o premio máis importante de Chile, polo seu último traballo *Rey Loj*.

Dende 2011, cando se publicou o seu primeiro álbum, teñen realizado 15 tours en Europa con máis de 150 concertos.

No 2017 fixeron a primeira xira polos USA con 12 concertos repartidos por todo o territorio.

Grandes festivais como Womad, TFF Rudolstadt, Shambala, Fussion, London Jazz Festival, Les Escapes, Pirineos sur, La Mar de Músicas, iGlobalquerque!, Lotus Festival, Chico World Fest, etc, ou grandes teatros como Berliner Philharmoniker ou Drom en New York xa os teñen convidado tendo un grande éxito en todos eles.



FICHA ARTÍSTICA

Duración: 75 minutos

Público: todos os públicos

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)